

## XUNTA DE GALICIA

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

#### Convenios colectivos

#### ACORDO DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE "LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS"

*Código de Convenio número 36000895011981*

Visto o Acordo da Comisión Paritaria relativo Interpretación do devengo das pagas do artigo 27 do convenio colectivo do sector de LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS, subscrito en representación da parte económica, por unha representación de empresarios do sector, e da parte social polas centrais sindicais CC.OO e CIG en data, 18 de xullo de 2016.

*Primeiro.*—Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 21 de xullo de 2016.

*Segundo.*—Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuizo de terceiros.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

*Primeiro.*—Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

*Segundo.*—Disposición adicional segunda do Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

*Terceiro.*—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,



Esta xefatura territorial,

### ACORDA

*Primeiro.*—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

*Segundo.*—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*Terceiro.*—Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

### CONVENIO COLECTIVO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

#### REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA ASISTENTES

#### REPRESENTACIÓN SOCIAL:

CIG: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> do Tránsito Fdez. Fdez.

CCOO: Francisco Estvez RodriguezPatricia Rey Calvo

#### REPRESENTACION EMPRESARIAL:

D. Fernando González-Amadios (AELPO-AFELIN)

D. Alberto Ortega Rodriguez

En Vigo, nos locais da Confederación de Empresarios de Pontevedra, sendo as 10.45 h de 18 de Xullo de 2016, se procede á constitución da mesa da Comisión Paritaria do sector de LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, co obxecto de debater a seguinte consulta

Interpretación do devengo das pagas do ART.27

Despois dun debate as partes acordan:

As pagas recollidas no art 27 teñen un devengo de carácter anual:

A paga de xullo se devenga de 1 de xullo a 30 de xuño.



A paga de decembro se devenga de 1 de xaneiro a 31 de decembro,

A paga de outubro se devenga de 1 de outubro a 30 de setembro.

Nomease a persoa habilitada polo Consello Galego de Relacións Laborais para rexistrar a presente acta ante o Regcon

E no habendo mais asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as once e media, de todo o cal as partes dan fe coa súa sinatura.

Vigo, 05/08/2016.—O Xefe Territorial, Ignacio Rial Santomé.

